



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Trae-lo sombreiro ó lado
porque che vexan o pelo
nin por eso es millor mozo
nin has de casar máis cedo.

- Éche así.
- Por que é muiñeira esto?
- Porque da o xeito a cántigha. Cada cousa...
- É por que é un desafío?
- Eso.
- Os desafíos fanse na muiñeira?
- Eso, eso. E os outros na jota.
- Os outros? Os bailes?
- Claro, na jota, que se baila. A min aínda me podes quitar unha foto tocando eu a pandeireta e máis bailando.
- No, eso é o malo. Pero... (...) Entonces, jota cual letra leva?
- A jota, leva a jota.
- Si, pero as letras que das á música.
- Eu como non sei, eu sei que...
- No, pero... como ten que ser a letra para a jota?
- Ten que ser así (toca a pandeireta).
- Pero a letra da copla?
- Vou cantar, vou cantar. Espera a ver.
- Cual é?

Dicen que vuelan que vuelan
las cintas de mi mandil-e.
/:Dicen que vuelan que vuelan
se vuelan déjalas ir-e.:/

- É a jota. (...) Porque é outra canción.

Na vida tal vin-he
na terra dos mariñáns-e
que cousiña máis bonita
ver bailar a dous irmáns-e.

- Esta é doutra maneira, é a muiñeira.

Porque non me vexas con outro
non me perdas o cariño
porque donde hai moito lume
sempre queda un rescaldíño.